



Prezado/a socio/a:

Pola presente escrita, en calidade de membro da Asociación Cultural Barbantia, quedas convocado/a á **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA**, que se ha celebrar no Auditorio de Rianxo o **venres 29 de xaneiro de 2016**, ás 18:30 horas en primeira convocatoria, e ás **19:00 horas** en segunda e derradeira, coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. **Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**
2. **Estado de contas.**
3. **Resumo memoria anual ano 2015.**
4. **Planificación da programación anual 2016.**
5. **Informe subvencións.**
6. **Rogos e preguntas.**

Así mesmo, ás **20:30 horas** convidámote ao acto de presentación do suplemento cultural número 112 d'*A Voz de Barbantia* e a presentación do último premio García Barros: **Lourenço xograr**, de **Manuel Portas**, editado por Galaxia. Intervirán no acto: **María Xesús Blanco** (directiva de Barbantia), **Antón Riveiro Coello** (narrador), **Víctor Freixanes**, (Director Xeral de Galaxia) e **Adolfo Muíños** (alcalde de Rianxo).

Intervención musical a cargo de membros da **Escola de Música de Rianxo** e intervención plástica a cargo de **Lara Torres**.

Este acto está enmarcado nos **Actos Castelao** que organiza o Concello de Rianxo.

Agradecendo o teu interese pola cultura do país, recibe un cordial saúdo.

Boiro, a 13 de xaneiro de 2016

Xesús Román Laíño Briones-Arén

Presidente de Barbantia

